




A CREACIÓN DO ESTÁNDAR DO GALEGO

INTERFERENCIAS E DESVIACIÓNS LINGÜÍSTICAS

*convinte

conveniente



*plantexar

formular

expor
propon
enunciar
colocar

A CREACIÓN DO ESTÁNDAR DO GALEGO. INTERFERENCIAS E DESVIACIÓNS LINGÜÍSTICAS

Un dos campos básicos no proceso de normalización dun idioma é a normativización lingüística. Consiste na elaboración dunha variedade estándar de lingua que funcione como modelo de corrección idiomática.

Normativizar unha lingua é elaborar un código formal común e válido para todos os falantes dunha comunidade, a través da plasmación dunha ortografía, unha gramática e un diccionario do idioma.

A necesidade dunha variedade estándar.

Funcións do estándar

- ▶ Serve de modelo de referencia para a alfabetización.
- ▶ Fortalece a conciencia de que se está a falar unha lingua diferenciada das outras.
- ▶ Crea sentimento de unidade lingüística entre os falantes das diferentes áreas dialectais.
- ▶ Aumenta o prestixio da lingua.
- ▶ Permite transmitir información de xeito que só nos centremos no contido e non na forma.


O proceso de normativización do galego.

Fases do proceso de estandarización (1)

DIALECTALISMO



INTERDIALECTALISMO



SUPRADIALECTALISMO

Uso literario de formas dialectais (xunto con vulgarismos e castelanismos) correspondentes á zona propia de cada escritor.

Carballos de *Carballido*,
Cand' era rapaz deixéivos.

Uso literario de formas dialectais procedentes de diferentes áreas lingüísticas, mesturadas sen ningún criterio filolóxico.

Cando dirixe Pasáronse as alegrías,
Que trouguéra o tempo ledó;
A mocedá fui pasada;
Já vámos vellos. ceu

Procura dun modelo de lingua unificado, valéndose das formas existentes na fala galega, seleccionadas con criterios científicos.

Os tempos pasados,
Já vámos vellos.

O proceso de normativización do galego.

Fases do proceso de estandarización (2)

GALEGO POPULARIZANTE
1810-1880



GALEGO ENXEBRIZANTE
1880-1936



GALEGO PROTOESTÁNDAR
1936-1982



GALEGO ESTÁNDAR
Desde 1982

A única referencia é a lingua oral, con dialectalismos, vulgarismos e castelanismos.

Predominio da tendencia diferencialista, coa introdución de hipergaleguismos, arcaísmos e vulgarismo.

Simplificación ortográfica (eliminación de apóstrofos, guións, acentos circunflexos e gra-ves...) e predominio da tendencia purista, que procura evitar a castelanización da lingua..

Consecución e difusión dunha normativa unificadora de carácter supradialectal para os usos cultos.

O proceso de normativización do galego.

O camiño da normativización. Principais achegas

- ▶ **1906:** nace a **Real Academia Galega**, co obxectivo de redactar unha Gramática e un dicionario
- ▶ **1919:** as Irmandades da Fala publican o ***Compendio de gramática galega***.
- ▶ **1933:** o **Seminario de Estudos Galegos** aproba as ***Normas pra a unificazón do idioma galego***.
- ▶ **1970:** a **Real Academia** publica unhas **Normas ortográficas do idioma galego** e o **Instituto da Lingua Galega** publica **tres manuais** para a aprendizaxe do galego, que supoñen unha proposta de estándar.

O proceso de normativización do galego.

O camiño da normativización. Principais achegas

- ▶ 1977: a **AS-PG** publica as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*.
- ▶ 1979: Montero Santalha publica as *Directrizes para a reintegración lingüística galego-portuguesa*, no que presenta unha normativa de tipo reintegracionista.
- ▶ 1982: A **RAG** e o **ILG** publican conxuntamente as *Normas morfolóxicas e ortográficas do idioma galego*, que, logo da súa aprobación no Parlamento, se con-
verten na **primeira normativa oficial do galego**.

A normativa do galego. Tendencias normativizadoras

Rexeneracionista ou oficialista

Entende que o galego é hoxe en día unha lingua totalmente independente, xa desvinculada do portugués.

Reintegracionista ou lusista

Defende a aproximación ortográfica ao portugués, ao considerar que galego e portugués continúan a constituír un único sistema lingüístico.

Proposta de mínimos

Proposta de normativa intermedia, apoiada por un amplo sector social, un ánimo de consenso entre as anteriores.

A normativa do galego. Tendencias normativizadoras

1.- Normativa oficial

Hoxe o galego encóntrase na encrucillada de que orientación ortográfica utilizar, concretada nunha normativa ou non. Poderíase empregar unha liña foneticista, que poucos defenden porque nos illaría do contexto xeral das linguas occidentais, que non se rexen por tal criterio, sintetizado en que a cada fonema lle corresponde unha letra. Podería tamén utilizarse unha grafía etimoloxizante a ultranza, que nuns aspectos nos acercaría á ortografía española e, noutros, á portuguesa.

2.- Normativa reintegracionista [Norma AGAL]

Hoje o galego encontra-se na encruzilhada de que orientação ortográfica utilizar, concretizada numha normativa ou nom. Poderia-se empregar umha linha foneticista, que poucos defendem porque nos isolaria do contexto geral das línguas ocidentais, que nom se regem por tal critério, sintetizado em que a cada fonema lhe corresponde umha letra. Poderia também utilizar-se umha grafia etimologizante a ultrança, que nuns aspectos nos acercaria à ortografia espanhola e, noutros, à portuguesa.

3.- Normativa de mínimos

Hoxe o galego encontra-se na encrucillada de que orientación ortográfica utilizar, concretada nunha normativa ou non. Poderia-se empregar unha liña foneticista, que poucos defenden porque nos isolaria do contexto xeral das línguas ocidentais, que non se rexen por tal critério, sintetizado em que a cada fonema lle corresponde unha letra. Poderia tamén utilizar-se unha grafia etimoloxizante a ultranza, que nuns aspectos nos acercaria á ortografía española e, noutros, á portuguesa.

A normativa do galego.

Criterios para a súa elaboración

1. A lingua normativa ha de ser necesariamente **continuadora da fala real da comunidade**, se ben deberá ser **depurada** de todo canto haxa de alleo a ela (a causa, esencialmente, da presión sufrida polo castelán).

2. O galego normativo, para ser unha lingua que poida ser empregada por todo o pobo, non pode basearse nun único dialecto ou variedade xeográfica. Ha de ser, pois, **supradialectal** e lograr que o maior número de falantes se identifique coas solucións acordadas.

A normativa do galego. Criterios para a súa elaboración

3. O galego estándar debe ser **fiel á tradición** da lingua, de xeito que as formas tradicionais sexan preferidas ás máis innovadoras e evolucionadas e que teñan prioridade as formas xa consagradas na **tradición literaria**.

4. As escollas normativas han de ser **harmónicas coas outras linguas**, en especial coas linguas máis emparentadas co galego e en particular co **portugués**.

Interferencias lingüísticas. Tipos

Introdución nunha lingua de elementos ortográficos, fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos procedentes doutra lingua veciña ou coexistente con ela.

[CASTELANISMOS]

Interferencias de transposición

Emprego nunha lingua de elementos (palabras, estruturas, grafías...) doutra: tenedor, calle, abuelo, me dixo, abogado...

Interferencias de converxencia

Escolla sistemática entre dúas posibilidades que ofrece a lingua daquela que coincide coa da lingua que interfire: *encontrar*, *difundir*, *investigar* en lugar dos tamén válidos *atopar*, *espallar*, *pescudar*.

Interferencias lingüísticas. Tipos

Introdución nunha lingua de elementos ortográficos, fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos procedentes doutra lingua veciña ou coexistente con ela.

[CASTELANISMOS]

Interferencias de diverxencia

Escolla sistemática entre dúas posibilidades que ofrece a lingua daquela que é diferente da lingua que interfire: uso exclusivo de *bágoa*, *beizo*, *mercar* en lugar dos tamén válidos *lágrima*, *labio*, *comprar*.

Ultracorreccións

Substitución por diferencialismo de formas correctas que coinciden coa lingua que interfire: *hourizonte*, *primavera*, *brilar*...

Interferencias lingüísticas. Tipos de castellanismos

Ortográficos

Palabras galegas escritas conforme ás regras ortográficas do castelán: **ademais, que quieres, maravilla, automóvil, hirmán , ahí..**

Fonolóxicos

- Falta de distinción entre o timbre das vocais medias,
- pronuncia próxima ao s do fonema palatal x
- realización alveolar do n final (*teñenn-outro*),
- préstamos do castelán no que o son fricativo velar do *j* é adaptado pola palatal galega *x* (*parexa, lentexa, texado*).

Interferencias lingüísticas. Tipos de castelanismos

Morfolóxicos

Emprego incorrecto de elementos morfolóxicos segundo a gramática castelá.

nomes	- xénero: <u>a leite</u>, <u>a sangue</u>, <u>o ponte</u>, <u>o viaxe</u>... - artigo masculino diante de substantivos: <u>o auga</u>, <u>o aula</u>... - formacións do feminino e do plural: <u>ferrolana</u>, <u>animales</u>...
verbos	- regulares conxugados como: <u>produxera</u>, <u>establezca</u>... - tempos compostos: <u>había feito</u>, <u>habería chegado</u>... - formais verbais conxugadas como en castelán: <u>lees</u>, <u>creín</u>..
pronomes persoais	- emprego de <i>te</i> no lugar de <i>che</i>: <u>botáronte a culpa</u> - emprego de <i>lle</i> no lugar de <i>o</i>: <u>non lle avisei a tempo</u>
outros pron. e determin.	- plurais <u>estos</u>, <u>esos</u>, <u>aquelos</u>... - uso de formas apocopadas inexistentes: <u>calquer</u>, <u>primer</u>... - uso de posesivos sen artigo: <u>encontrei teu libro</u>...
relativos	- uso do plural <u>quenes</u>

Interferencias lingüísticas. Tipos de castellanismos

Sintácticos

- Colocación incorrecta do pronome persoal átono (**o escoitei na radio, lle manda**),
- uso do pronome reflexivo en construcións reflexivas indirectas (**lavouse as mans**),
- emprego da preposición a na perífrase ir + infinitivo (**vou a facelo**).



Interferencias lingüísticas. Tipos de castelanismos

Fraseolóxicos

Incorporación de expresións, frases feitas, ditos do castelán, traducidos palabra a palabra: ***chegar e bicar o santo, arrimar a ascua á súa sardiña*** ou ***correr un tupido veo***, tradución literal das expresións castelás en lugar do uso das formas galegas ***chegar e encher, varrer para a casa e botar terra ao asunto***.

Léxicos

Substitución de palabras galegas polas formas castelás: ***miércoles, árbol, iglesia, Dios, fecha, calle, adiós, peine, pueblo, rodilla, cuchara, tenedor...***

Interferencias lingüísticas.

Outros fenómenos de desviacións da normativa

O castelán inflúe tamén de xeito indirecto ao provocar unha reacción diferencialista que a rexeitar formas correctas coincidentes con esta lingua e adoptar no seu lugar outras, incorrectas mais vistas como "máis galegas".

Arcaísmos

Palabras en desuso, que perderon vixencia na lingua e non de-ben ser empregadas: *vegada, ren, conquerir*

Dialectalismos

Formas propias de determinadas comarcas que non se deben empregar na lingua estándar: *iste, eiquí, iles.*

Interferencias lingüísticas.

Outros fenómenos de desviacións da normativa

O castelán inflúe tamén de xeito indirecto ao provocar unha reacción diferencialista, rexeitando formas correctas coincidentes con el e adoptando no seu lugar outras incorrectas mais vistas como "máis galegas".

Vulgarismos

Malas pronuncias por supresión, adición e transformación de fonemas, troco de posición de fonemas, etc.: *ademirar, mú-seca, probe, espranza, leutor...*

Hipergaleguismos ou hiperenxebrismos

Palabras inventadas a partir das correspondencias existentes entre galego e castelán: *mediciña, primaveira, adourar..*

Interferencias lingüísticas.

Outros fenómenos de desviacións da normativa

Hipergaleguismos ou hiperenxebrismos

Galego e castelán	Correspondencia que provoca o erro	Hipergaleguismo
nutriente primavera brillar colaborar gasolina influencia	E - IE (ben-bien) EIRA - ERA (primeira-primera) L - LL (cabalo-caballo) OU - O (pouco-poco) Ñ - N (poñer-poner) ZA - CIA (xustiza - justicia) ...	*nut <u>r</u> ente *primave <u>r</u> ia *bril <u>a</u> r *colab <u>o</u> urar *gasoli <u>n</u> a *influen <u>z</u> a

Recordando...

- 1.- Lo qué? Qué va, hija! Cuando estaba en el pueblo no era así; de aquella te era una persona estupenda**
- 2.- Te estabamos todos tirados en el suelo muertos de la risa y en esto llega el paisano y se pone a berrar como un tolo porque le esmagaran todo el pastel**
- 3.- O profesor me dixo que o exercicio estaba moi deficiente**
- 4.- Cominme unha costilleta de ternera e unha ensalada enteira de lechuga e tomate; e de postre, unha tarta de almendra con cabelo de ángel**
- 5.- Sal de ahí, que te vas caer! Cuántas veces te lo tengo repetido? Demo de rapaz que non pode estar tranquilo un momento! Habías de levar unha boa a ver si aprendías**

Resumindo...



E as interferencias só van nunha dirección?

Traducimos...

A miña moza váicheme aprender a cociñar.
Estou farto de ir comer fóra. O que non sei é
se darei feito a receita do raxo con pan reseso.

1.

Mi moza te me va aprender a cocinar. Estoy harto de ir comer fuera. Lo que no sé es si daré hecho la receta del rajo con pan reseso.

2.

Mi moza ~~te~~ me va aprender a cocinar. Estoy harto de ir comer fuera. Lo que no sé es si **seré capaz de hacer** la receta del rajo con pan reseso.

3.

Mi moza me va **a** aprender a cocinar. Estoy harto de ir **a** comer fuera. Lo que no sé es si seré capaz de hacer la receta del rajo con pan reseso.

3.

Mi moza me va **a** aprender a cocinar. Estoy harto de ir **a** comer fuera. Lo que no sé es si seré capaz de hacer la receta del rajo con pan reseso.

4.

Mi moza me va a aprender a cocinar. Estoy harto de ir a comer fuera. Lo que no sé es si seré capaz de hacer la receta del **lomo** con pan reseso.

5.

Mi moza me va a **enseñar** a cocinar. Estoy harto de ir a comer fuera. Lo que no sé es si seré capaz de hacer la receta del lomo con pan reseso.

5.

Mi moza me va a enseñar a cocinar. Estoy harto de ir a comer fuera. Lo que no sé es si seré capaz de hacer la receta del lomo con pan reseso.

4.

Mi novia me va a enseñar a cocinar. Estoy harto de ir a comer fuera. Lo que no sé es si seré capaz de hacer la receta del lomo con pan reseso.

4.

Mi novia me va a enseñar a cocinar. Estoy harto de ir a comer fuera. Lo que no sé es si seré capaz de hacer la receta del lomo con pan revenido.